

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**6838** *Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

O Acordo social en defensa do emprego (I ASDE), acadado entre os axentes sociais e o Goberno o día 8 de maio de 2020, día do primeiro centenario do Ministerio de Traballo, que se converteu no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, expresou o obxectivo de facilitar a transición dunha situación de repregamento e hibernación a unha situación de restablecemento gradual e paulatino diferenciado por sectores, colectivos e zonas xeográficas.

En efecto, toda a normativa adoptada por causa do COVID-19, cuxo alicerce ou eixe fundamental está constituído polas medidas de flexibilidade interna, de carácter conxuntural, tivo por obxectivo estabilizar o emprego, evitar a destrución de postos de traballo e soste o tecido produtivo, a través ademais dunha flexibilización dos mecanismos precisos, evitando cargas adicionais innecesarias. Todo iso compasado coa capacidade de resposta ante as medidas preventivas necesarias e as decisións que en materia sanitaria fosen acordadas polas autoridades competentes.

A situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19 está a producir aínda efectos para as empresas e o emprego, que exixen manter as medidas extraordinarias previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, en canto as causas referidas nas ditas disposicións impiden a recuperación íntegra da súa actividade, e as medidas excepcionais vinculadas a elas en materia de protección por desemprego e cotizacións á Seguridade Social.

O título I deste real decreto lei é o resultado dun acordo do diálogo social, o II Acordo en defensa do emprego (II ASDE), acadado entre os ministerios de Traballo e Economía Social, e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas do noso país, a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (CEPEME), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), cuxo obxectivo é, precisamente, modular as medidas extraordinarias e excepcionais previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e no I ASDE, cuxa vixencia remata o día 30 de xuño de 2020, prorrogando o seu espírito pero adaptándoas ao momento actual. Os seus fundamentos son a persistencia dos efectos da crise sanitaria no funcionamento regular das empresas e a súa capacidade de prestación íntegra de servizos, o carácter non homoxéneo da dita recuperación e a posibilidade de que se poidan restablecer, cun alcance limitado, certas restricións de actividade por razóns sanitarias.

En relación coas medidas de carácter laboral, mantéñense os expedientes baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que fosen solicitados antes da entrada en vigor e, como máximo, ata o 30 de setembro de 2020.

Estas empresas e entidades deberán reincorporar as persoas traballadoras afectadas por medidas de regulación temporal de emprego, na medida necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, primando os axustes en termos de redución de xornada tal e como se establece no artigo 1.2 do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, manténdose idénticas obrigacións que as previstas no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, en

relación coas comunicacións de carácter expreso, total e definitivo á autoridade laboral da renuncia ás medidas de suspensión ou redución de xornada.

Así mesmo, e derivado do anterior, non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer ou restablecer externalizacións da actividade, nin concertar novas contratacións, sexan directas ou a través de empresas de traballo temporal, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo.

Prohibición que poderá ser exceptuada no suposto de que as persoas reguladas e que prestan servizos no centro de traballo afectado polas anteriores non poidan, por formación, capacitación ou outras razóns obxectivas e xustificadas, desenvolver as funcións encomendadas a aquelas, logo de información respecto diso por parte da empresa á representación legal das persoas traballadoras.

Pola súa banda, os expedientes tramitados conforme o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, mantéñense nos termos da comunicación final e durante o prazo establecido nela. Aos novos procedementos de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción vinculadas co COVID-19 seralles de aplicación o mencionado artigo 23, coas especialidades recollidas no artigo 2 do I ASDE, do 12 de maio, sobre o inicio da súa tramitación e sobre os efectos retroactivos, cando veñan precedidos de expedientes baseados na forza maior prevista no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

O artigo 3, relativo ás medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego, ten en conta o carácter heteroxéneo da incidencia e a capacidade de recuperación nos diversos sectores económicos, polo que se considera necesario prorrogar, ata o 30 de setembro, as medidas de protección asociadas aos expedientes de regulación temporal de emprego nos casos que derivan do impacto do COVID-19 e que foron inicialmente reguladas no artigo 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo. Esténdense, ademais, as especiais medidas de protección por desemprego ás persoas afectadas polos novos expedientes que se tramiten en caso de rebrote, aos cales se refire a disposición adicional primeira.

Lémbrese nesta regulación a prórroga efectuada no I ASDE, neste caso ata o 31 de decembro de 2020, das medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego para as persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo, fundamentada na súa extensión polas peculiaridades deste colectivo.

Así mesmo, introdúcense as medidas necesarias para reducir as cargas administrativas das empresas, o impacto na xestión da entidade xestora e facilitar a tramitación das prestacións.

Do mesmo xeito que se fixo nos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 18/2020, do 12 de maio, no artigo 4 recóllese, como medida extraordinaria en materia de cotización vinculada aos expedientes de regulación temporal de emprego por causa de forza maior a que se refire o artigo 22 do primeiro dos ditos textos legais, a exención do pagamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, distinguindo, para os efectos da porcentaxe de exención aplicable, entre as persoas traballadoras que reiniciasen a súa actividade e aquelas outras que continúen coas súas actividades suspendidas e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión.

A mesma exención aplicarase, conforme o citado artigo 4 e a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, aos expedientes de regulación temporal de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción a que se refire o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, tanto aos anteriores á dita entrada en vigor como a aqueles iniciados tras a finalización de expedientes baseados na causa prevista no artigo 22 do dito real decreto lei.

O obxectivo, por tanto, é continuar facilitando unha transición adecuada que posibilite a recuperación gradual da actividade empresarial e que se desenvolva de forma compasada coa recuperación da actividade económica xeral, e para iso contará co estímulo necesario.

Ademais, recóllese unha serie de disposicións adicionais que forman parte do contido integrado neste real decreto lei en virtude do II ASDE.

A disposición adicional primeira recolle as medidas de transición e acompañamento que se entenderon necesarias para determinadas empresas e entidades que, por características

xeográficas ou sectoriais, ou ante situacións extraordinarias, necesitan dunha especial atención e protección. Neste sentido, incrementase o beneficio de cotización para as empresas e entidades que, en 30 de xuño de 2020, continúan en situación de forza maior total, así como para as empresas e entidades que soliciten un expediente de regulación temporal de emprego ante a imposibilidade de desenvolver a súa actividade con motivo da adopción de novas restricións ou medidas de contención como consecuencia dun eventual agravamento da pandemia provocada polo COVID-19. Neste último suposto, cando as citadas empresas e entidades reinicien a súa actividade e estean aplicando un expediente de regulación temporal de emprego dos regulados neste real decreto lei, serán de aplicación as exencións reguladas no artigo 4.1 deste real decreto lei.

En canto á disposición adicional segunda, estende o beneficio relativo a considerar como cotizado o tempo de duración do expediente de regulación temporal de emprego polas causas dos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, aos traballadores incluídos nos expedientes de regulación temporal de emprego cando non teñan dereito á prestación por desemprego, tales como, por exemplo, os asimilados a traballadores por conta allea a que se refire a letra c) do número 2 do artigo 136 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, ao consideralos para estes efectos en situación asimilada á de alta.

A base de cotización para futuras prestacións será a determinada pola media das bases de cotización dos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio das ditas situacións.

O resto das disposicións adicionais integradas en virtude do II ASDE, a terceira, cuarta e quinta, establecen o marco do diálogo social como peza fundamental para a reconstrución e o fortalecemento do mercado de traballo, co obxectivo de conseguir unha recuperación eficiente, pero tamén xusta, equitativa, inclusiva e con vocación de futuro.

## II

Os poderes públicos adoptaron, por outra banda, outras medidas de protección para paliar as consecuencias da crise sanitaria, dirixidas ao conxunto da sociedade (nomeadamente, o ingreso mínimo vital) e, en particular, ás empresas e aos seus traballadores.

Neste sentido, o título II establece medidas para a protección dos traballadores autónomos que teñen por obxecto aliviar, no ámbito da seguridade social, de forma progresiva, a carga que o inicio ou a continuación da actividade, unha vez levantado o estado de alarma, debe asumir e que ten as súas consecuencias na economía familiar.

Por iso, prevese unha exención progresivamente descendente na obriga de cotizar durante os tres primeiros meses seguintes ao levantamento do estado de alarma para aqueles traballadores que estivesen a percibir en 30 de xuño a prestación por cesamento de actividade recollida no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que acada o 100 % no mes de xullo, o 50 % en agosto e o 25 % no mes de setembro.

Ademais, prevese a posibilidade de compatibilizar a prestación de cesamento de actividade prevista na Lei xeral da seguridade social co traballo por conta propia sempre que se cumpra cuns requisitos, medida que está destinada a garantir uns ingresos que axuden o traballador autónomo a manter a actividade.

Por último, establécese, desde o ámbito da seguridade social, unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade cuxos destinatarios serán os traballadores de tempada que, como consecuencia das especiais circunstancias que a pandemia provocou, se viron impossibilitados para o inicio ou o desenvolvemento ordinario da súa actividade.

A disposición adicional sexta, integrada entre as medidas de protección do traballo autónomo, crea unha comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade social, que estará integrada polas persoas para o efecto designadas polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, así como pola Asociación de Traballadores Autónomos (ATA), a Unión

de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA) e a Unión de Asociacións de Traballadores Autónomos e Emprendedores (UATAE).

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86.1 CE, o contido do real decreto lei fundaméntase en motivos obxectivos, de oportunidade política e extraordinaria urxencia que requiren a súa aprobación inmediata, entre outros, a situación grave e excepcional que persiste como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, o que fai indispensable dar unha resposta adecuada ás necesidades que xorden no ámbito laboral e a perda de vixencia o día 30 de xuño das medidas anteriores.

### III

O Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, de medidas urxentes para o impulso da competitividade económica no sector da industria e o comercio en España, introduciu a figura do consumidor electrointensivo, referido a compañías cuxos custos incluían un elevado uso da electricidade para os cales, ás medidas de compensación de custos indirectos e outras enunciadas no Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, se engadía a posibilidade de establecer outros mecanismos de apoio, medidas ou axudas, sempre dentro da normativa da Unión Europea sobre axudas do Estado.

Neste contexto, os mercados enerxéticos, en particular o da electricidade, están cada vez máis condicionados pola necesidade de implementar acordos de subministración a medio e longo prazo que os doten de seguridade, previsión e estabilidade, para o cal é necesario obter garantías e coberturas que os acompañen e se manteñan ao longo da súa vixencia. Este instrumento opera a favor da capacidade de obter financiamento e da competitividade de produtores de enerxía eléctrica e de consumidores electrointensivos, á vez que incentiva un maior investimento e desenvolvemento industrial e facilita, ademais, a retención da súa localización.

Con todo, o mercado non proporciona hoxe esa facilidade, nin desde a perspectiva do mercado a prazo nin desde o bancario ou asegurador. Existe, por tanto, un fallo de mercado pola incerteza que xera a falta de cobertura polo mercado dos riscos de operacións de compra de enerxía a medio e longo prazo, o cal xustifica unha intervención e apoio do sector público, xa que existen claras externalidades positivas.

Por iso, no título III deste real decreto lei artículase a cobertura destes riscos por conta do Estado como un instrumento de política económica e de protección da competitividade da industria española electrointensiva, implantando medidas que faciliten o acceso aos mercados enerxéticos de compra de electricidade a medio e longo prazo en condicións de prazo, cobertura e prezo dentro dun marco homoxéneo con outros países da contorna europea.

Así, no título III deste real decreto lei créase o Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas (en diante, FERGEI), para a cobertura por conta do Estado dos riscos derivados de operacións de compravenda a medio e longo prazo da subministración de enerxía eléctrica entre consumidores de enerxía eléctrica que teñan a condición de consumidores electrointensivos e os distintos oferentes de enerxía eléctrica no mercado de produción, promovendo o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables, co fin de outorgar maior seguridade e certeza a estes contratos e favorecer o investimento dos intervenientes. A xestión e administración do FERGEI atribúese ao Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, Consorcio).

O Estado xestionará a referida cobertura de riscos de incumprimento dos consumidores electrointensivos por medio dun axente xestor e designarase para estes efectos a CESCE, dada a súa experiencia na xestión de avais e garantías a prazos dilatados como resultado da súa práctica na política de apoio á internacionalización.

Pola súa banda, as disposicións adicionais sétima a décima regulan aquelas cuestións necesarias para a posta en marcha do citado fondo, tales como a dotación orzamentaria inicial, o prazo de subscripción dos convenios necesarios e o prazo para que a CESCE inicie a súa actividade para xestionar como asegurador ou como garante, en nome propio

e por conta do Estado, a cobertura dos riscos no marco dos contratos que subscriban os consumidores electrointensivos para a adquisición a medio e longo prazo de enerxía.

En canto á disposición adicional décimo primeira, esta responde ás condicións de afastamento e insularidade e ás limitacións estruturais permanentes, que lle confiren a Canarias a condición de rexión ultraperiférica da Unión Europea, así como á relevante incidencia na xeración de emprego do sector turístico e das actividades empresariais vinculadas.

#### IV

As disposicións derradeiras segunda, cuarta e quinta dan cumprimento ao mandato de transposición da Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, pola que se aplica o acordo relativo á aplicación do Convenio sobre o traballo na pesca de 2007 da Organización Internacional do Traballo, suscrito o 21 de maio de 2012 entre a Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (Coxeca), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas Pesqueiras da Unión Europea (Europêche), directiva que establecía como data límite de transposición ao noso ordenamento xurídico o 15 de novembro de 2019.

Non obstante, a actividade desenvolvida, ao ter pasado a data prevista no artigo 4 da Directiva (UE) 2017/159 para dar cumprimento ao establecido nesa Directiva (15 de novembro de 2019), a Comisión Europea puxo en marcha un mecanismo de control mediante a remisión de carta de emprazamento do 23 de xaneiro de 2020, por falta de comunicación das medidas nacionais de transposición.

Os artigos incluídos neste real decreto lei supoñen a transposición parcial daquela, que se deberá completar cunha norma de rango regulamentario onde se incluírán o resto das condicións para a mellora das condicións laborais no sector pesqueiro.

Dun lado, a plena incorporación da Directiva 2017/159 ao ordenamento xurídico español exige a modificación do artigo 8 do Estatuto dos traballadores, para exixir a forma escrita a todos os contratos de traballo dos mariñeiros sempre e en todo caso.

Doutro, considérase necesario e proporcionado introducir a exigencia de que os armadores de buques pesqueiros que enarboren pavillón español e entren nun porto estranxeiro subscriban un seguro obrigatorio ou garantía financeira equivalente co fin de garantir o dereito dos mariñeiros enrolados á repatriación ao seu país de residencia.

O anterior supoñerá, ademais, aliñar o noso país cos Estados membros da Unión Europea, para os cales actualmente o Convenio 188 OIT sobre o traballo na pesca está en vigor. A maior parte deles son países de tradición pesqueira a cuxos caladoiros acode a frota pesqueira española.

A disposición derradeira primeira, pola súa parte, modifica o artigo 29.1.a) da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, co fin de suprimir a atribución legal da Presidencia do Consello Reitor do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social á persoa titular da Subsecretaría do Ministerio de Traballo e Economía Social. En primeiro lugar, porque co cambio da estrutura do Goberno o organismo autónomo se adscribe ao Ministerio a través da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, e non a través da Subsecretaría; en segundo lugar, porque a determinación de quen deba exercer a vicepresidencia do Consello Reitor debe relegarse ao ámbito regulamentario e non establecerse nunha norma de rango legal.

A disposición derradeira sexta regula a habilitación para que o Goberno e os seus membros poidan ditar as medidas necesarias para o desenvolvemento regulamentario do real decreto lei.

#### V

En canto ao FERGEI, é preciso ter en conta que nos procesos produtivos que desenvolven os consumidores electrointensivos, unha gran porcentaxe do custo de produción provén da factura eléctrica. Esta industria compite en mercados globais, polo



que o custo local que teñan as condicións de subministración eléctrica xoga un papel fundamental á hora de determinar a súa competitividade fronte aos seus competidores europeos e do resto do mundo. En España, os prezos da factura eléctrica para a industria e, en particular, para as industrias electrointensivas colocan estas industrias nunha situación que afecta gravemente a súa competitividade e en clara desvantaxe, aspectos que singular e necesariamente deben ser abordados desde a política pública. Actualmente encóntrase en avanzado estado de tramitación o proxecto regulamentario de Estatuto de consumidores electrointensivos, tramitación que foi declarada urxente mediante o Acordo do Consello de Ministros do 22 de febreiro de 2019. No dito estatuto recóllese a creación dun mecanismo que permita a cobertura por conta do Estado dos riscos derivados da subscripción de acordos de subministración a medio e longo prazo de enerxía eléctrica producida por instalacións de xeración de enerxía eléctrica e, en particular, aquela procedente de instalacións de xeración renovable e consumidores electrointensivos.

Para que estas coberturas por conta do Estado se poidan proporcionar é imprescindible a creación previa, con carácter urxente, por tanto, do Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas e a atribución como axente xestor á Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A., Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. (CESCE). Procede subliñar que o instrumento que se aproba conforma xunto co citado Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, e o Estatuto de consumidores electrointensivos un todo, unha política pública destinada a cumprir uns obxectivos ben definidos polo Goberno e cuxa materialización require dunha extraordinaria e urxente implementación e do seu impulso neste momento, máxime tras a paralización económica que supuxo atender a urxencia sanitaria xerada pola pandemia do COVID-19. Neste sentido, o real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7) o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, requiren unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

A creación do FERGEI, tal e como prevé o artigo 137 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, débese efectuar por lei. Así mesmo, a atribución que se confire a CESCE débese efectuar nunha norma con rango de lei, tendo en conta que a cobertura de riscos por conta do Estado está regulada mediante a Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española. Con iso cúmprese, igualmente, o requisito establecido pola xurisprudencia constitucional que exige que o real decreto lei afecte unha materia sometida a unha reserva formal ou material de lei.

## VI

En definitiva, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas en dar unha resposta adecuada que permita restablecer o funcionamento normal da actividade económica e produtiva das empresas, a necesaria seguridade xurídica e a protección dos colectivos que poidan resultar vulnerables ante a concorrencia da situación descrita e que se definen pola súa condición extraordinaria e urxente.

En canto ás disposicións derradeiras, o presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade prevista no artigo 86 da Constitución española para a utilización do instrumento normativo do real decreto lei xustifícase en que a transposición da dita Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, vencía o 15 de

novembro de 2019, polo que é preciso evitar, deste xeito, posibles consecuencias que poidan derivar do incumprimento do dito prazo. Adicionalmente ao anterior, a ausencia de transposición da referida directiva de forma inmediata afectaría notablemente a seguridade xurídica e os dereitos dos mariñeiros na medida en que dereitos recoñecidos a estes na norma europea poderían ser invocados, pero non sería posible dar unha adecuada resposta por parte de España, ao carecer de regulación específica respecto diso.

Ante a gravidade das consecuencias de seguir acumulando atraso na incorporación ao ordenamento xurídico español da directiva, resulta imprescindible acudir á aprobación dun real decreto lei para proceder á súa transposición urxente, para efectos de evitar recursos por incumprimento e a correspondente imposición de sancións económicas a España.

En relación coa disposición derradeira primeira, é necesario adaptar o Consello Reitor do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social á súa actual adscripción, nun momento en que as funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social resultan fundamentais, dado o despregamento de medidas de alto impacto económico que incidiron no ámbito laboral e que requiren un adecuado e inmediato seguimento e control.

Todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3), pois existe a necesaria conexión entre a situación de urxencia exposta e a medida concreta adoptada para remediala.

## VII

Este real decreto lei cumpre cos principios de boa regulación exixibles conforme o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, responde á necesidade de minimizar o risco dun impacto incontrolado e irreversible da situación de emerxencia extraordinaria provocada polo COVID-19, tanto na actividade económica como no emprego e nos recursos dispoñibles polas persoas traballadoras, evitándose así situacións de vulnerabilidade e desprotección.

É eficaz e proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para conseguir o seu obxectivo, limitando os seus efectos á concorrencia da situación temporal e extraordinaria descrita. Cumpre tamén co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito e se ofrece unha explicación, sen que se realizasen os trámites de participación pública que se establecen no artigo 26 da Lei 50/1997, ao abeiro da excepción que, para os reais decretos leis, regula o número 11 do aludido precepto.

Finalmente, é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e cumpre co principio de eficiencia, dado que a súa aplicación non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Os títulos competenciais prevalentes deste real decreto lei son o artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e o artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte das comunidades autónomas, así como en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas, aínda que a disposición derradeira, relativa á incorporación da Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, no que se refire á repatriación dos mariñeiros, se ampara na competencia de bases en materia de seguros do artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución.

Por outra banda, a creación do FERGEI dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, ao ser a actividade industrial unha parte da actividade económica, na cal o Estado ten competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación referente a toda clase de industrias. Así mesmo, ampárase no título competencial outorgado ao Estado no artigo 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva para establecer as bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e da ministra de Industria, Comercio e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

TÍTULO I

**II Acordo social en defensa do emprego: medidas sociais de reactivación do emprego**

Artigo 1. *Expedientes de regulación temporal de emprego baseados nas causas recollidas no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, unicamente resultarán aplicables os expedientes de regulación temporal de emprego baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que fosen solicitados antes da entrada en vigor deste e, como máximo, ata o 30 de setembro de 2020.

As empresas e entidades afectadas por estes expedientes deberán reincorporar as persoas traballadoras afectadas por medidas de regulación temporal de emprego, na medida necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, primando os axustes en termos de redución de xornada.

2. As empresas e entidades a que se refire este artigo deberán comunicar á autoridade laboral a renuncia total, de ser o caso, ao expediente de regulación temporal de emprego autorizado, no prazo de quince (15) días desde a data de efectos daquela.

Sen prexuízo do anterior, a renuncia por parte destas empresas e entidades aos expedientes de regulación temporal de emprego ou, de ser o caso, a suspensión ou regularización do pagamento das prestacións que deriven da súa modificación, efectuarase logo de comunicación destas ao Servizo Público de Emprego Estatal das variacións nos datos contidos na solicitude colectiva inicial de acceso á protección por desemprego.

En todo caso, estas empresas e entidades deberán comunicar ao Servizo Público de Emprego Estatal aquelas variacións que se refiran á finalización da aplicación da medida respecto á totalidade ou a unha parte das persoas afectadas, ben no número destas ou ben na porcentaxe de actividade parcial da súa xornada individual, cando a flexibilización das medidas de restrición que afectan a actividade da empresa permita a reincorporación ao traballo efectivo daquelas.

3. Non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer novas externalizacións da actividade nin concertar novas contratacións, sexan directas ou indirectas, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo.

Esta prohibición poderá ser exceptuada no suposto de que as persoas reguladas e que prestan servizos no centro de traballo afectado polas novas contratacións, directas ou indirectas, ou externalizacións, non poidan, por formación, capacitación ou outras razóns obxectivas e xustificadas, desenvolver as funcións encomendadas a aquelas, logo de información ao respecto por parte da empresa á representación legal das persoas traballadoras.

Estas accións poderán constituír infraccións da empresa afectada, en virtude de expediente incoado para o efecto, de ser o caso, pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 2. *Procedementos de suspensión e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción.*

1. Aos procedementos de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción derivadas do COVID-19, iniciados tras



a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o 30 de setembro de 2020, resultarlles de aplicación o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, coas especialidades recollidas neste precepto.

2. A tramitación destes expedientes poderase iniciar mentres estea vixente un expediente de regulación temporal de emprego dos referidos no artigo 1.

3. Cando o expediente de regulación temporal de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción se inicie tras a finalización dun expediente temporal de regulación de emprego baseado na causa prevista no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a data de efectos daquel retrotraerase á data de finalización deste.

4. Os expedientes de regulación temporal de emprego vixentes na data de entrada en vigor deste real decreto lei seguirán sendo aplicables nos termos previstos na comunicación final da empresa e ata o termo referido nela.

5. Non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer novas externalizacións da actividade nin concertar novas contratacións, sexan directas ou indirectas, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo.

Esta prohibición poderá ser exceptuada no suposto de que as persoas reguladas e que prestan servizos no centro de traballo afectado polas novas contratacións, directas ou indirectas, ou externalizacións, non poidan, por formación, capacitación ou outras razóns obxectivas e xustificadas, desenvolver as funcións encomendadas a aquelas, logo de información ao respecto por parte da empresa á representación legal das persoas traballadoras.

Estas accións poderán constituír infraccións da empresa afectada, en virtude de expediente incoado para o efecto, de ser o caso, pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

### Artigo 3. *Medidas extraordinarias en materia de protección por desempleo.*

1. As medidas de protección por desempleo previstas nos números 1 ao 5 do artigo 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata o 30 de setembro de 2020 ás persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego regulados nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e aos referidos no número 2 da disposición adicional primeira desta norma.

As medidas extraordinarias en materia de protección por desempleo reguladas no artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata 31 de decembro de 2020.

2. A entidade xestora das prestacións por desempleo prorrogará ata o 30 de setembro de 2020 a duración máxima dos dereitos recoñecidos en virtude de procedementos de suspensión ou redución de emprego regulados nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, cuxa data de inicio sexa anterior á entrada en vigor deste real decreto lei.

As empresas que renuncien ao expediente de regulación de emprego de forma total ou desafecten persoas traballadoras deberán comunicar á entidade xestora das prestacións por desempleo a baixa na prestación daquelas persoas que deixen de estar afectadas polas medidas de suspensión ou redución con carácter previo á súa efectividade.

3. No caso dos procedementos de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción do artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, en que a data da decisión empresarial se comunique á autoridade laboral tras a entrada en vigor deste real decreto lei, a empresa deberá formular solicitude colectiva de prestacións por desempleo, en representación das persoas traballadoras, no modelo establecido para o efecto na páxina web ou sede electrónica do SEPE. O prazo para a presentación desta solicitude será o establecido no artigo 268 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A causa e data de efectos da situación legal de desempleo deberán figurar, en todo caso, no certificado de empresa, que se considerará documento válido para a súa acreditación.

4. Nos casos previstos nos dous puntos anteriores, para efectos da regularización das prestacións por desemprego, cando durante un mes natural se alternen períodos de actividade e de inactividade, así como nos supostos de redución da xornada habitual, e nos casos en que se combinen ambos, días de inactividade e días en redución de xornada, a empresa deberá comunicar a mes vencido, a través da comunicación de períodos de actividade da aplicación *certific@2*, a información sobre os días traballados no mes natural anterior.

No caso dos días traballados en redución de xornada, as horas traballadas converteranse en días completos equivalentes de actividade. Para iso dividirase o número total de horas traballadas no mes entre o número de horas que constituísen a xornada habitual da persoa traballadora con carácter previo á aplicación da redución de xornada.

5. A comunicación prevista no punto anterior enténdese sen prexuízo da obrigaición da empresa de comunicar á entidade xestora, con carácter previo á súa efectividade, as baixas e as variacións das medidas de suspensión e redución de xornada, nos termos legalmente establecidos. A Inspección de Traballo e Seguridade Social terá os ditos datos á súa disposición.

*Artigo 4. Medidas extraordinarias en materia de cotización vinculadas aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados nas causas recollidas nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.*

1. As empresas e entidades que contén con expedientes de regulación de emprego a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei quedarán exoneradas do aboamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, nas porcentaxes e condicións que se indican a continuación:

a) Respecto das persoas traballadoras que reinicien a súa actividade a partir do 1 de xullo de 2020, así como daquelas referidas no artigo 4.2.a) do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, e dos períodos e porcentaxes de xornada traballados a partir dese momento, a exención acadará o 60 % da achega empresarial devindicada en xullo, agosto e setembro de 2020, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020. Se nesa data a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta, a exención acadará o 40 % da achega empresarial devindicada en xullo, agosto e setembro de 2020.

b) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que continúen coas súas actividades suspendidas a partir do 1 de xullo de 2020 e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, a exención acadará o 35 % da achega empresarial devindicada en xullo, agosto e setembro de 2020, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020. Se nesa data a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta, a exención acadará o 25% da achega empresarial devindicada en xullo, agosto e setembro de 2020. Neste caso, a exoneración aplicarase ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

2. As empresas que decidisen a suspensión de contratos ou redución da xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción relacionadas co COVID-19, coas especialidades a que se refire o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, así como aquelas empresas a que se refire o número 3 do artigo 2, quedarán exoneradas do aboamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, nas porcentaxes e condicións que se indican a continuación:

a) Respecto das persoas traballadoras que reinicien a súa actividade a partir do 1 de xullo de 2020 e dos períodos e porcentaxes de xornada traballados a partir dese momento,

resultarán de aplicación as exencións nos termos e condicións establecidos na letra a) do número 1 deste artigo.

b) Respecto das persoas traballadoras destas empresas coas súas actividades suspendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2020, e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, resultarán de aplicación as exencións nos termos e condicións indicados na letra b) do número 1 deste artigo.

3. As exencións na cotización aplicaranse a Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia da empresa, logo de comunicación da identificación das persoas traballadoras e do período da suspensión ou redución de xornada, e logo de presentación de declaración responsable, respecto de cada código de conta de cotización e mes de pagamento, sobre o mantemento da vixencia dos expedientes de regulación de emprego.

Para que a exención resulte de aplicación, as declaracións responsables deberanse presentar antes de se solicitar o cálculo da liquidación de cotas correspondente ao período de pagamento de cotas sobre o cal teñan efectos as ditas declaracións.

A renuncia expresa ao expediente de regulación de emprego presentada ante a autoridade laboral determina a finalización destas exencións desde a data de efectos da dita renuncia. As empresas deberán comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social esta renuncia expresa ao expediente de regulación de emprego.

A presentación das declaracións responsables e, de ser o caso, a comunicación da renuncia ao expediente de regulación de emprego, ás cales se refire este artigo, deberanse realizar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da seguridade social (sistema Rede), regulado na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo.

4. Para os efectos do control destas exencións de cotas, será suficiente a verificación de que o Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña recoñeza a correspondente prestación por desemprego polo período de suspensión ou redución de xornada de que se trate, coas particularidades a que se refire o número 4 do artigo 3 deste real decreto lei. Estas últimas particularidades aplicaranse, así mesmo, ás exencións na cotización a que se refiren o artigo 24 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e o artigo 4 do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio.

Porén, no caso dos traballadores aos cales non se lles recoñecese a prestación por desemprego será suficiente a verificación do mantemento do traballador na situación asimilada á de alta a que se refire a disposición adicional segunda.

O Servizo Público de Emprego Estatal e, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña, proporcionarán á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información das prestacións de desemprego recoñecidas aos traballadores incluídos nos expedientes de regulación de emprego baseados nas causas dos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, desde o mes de marzo ata a finalización das exencións reguladas neste artigo. Para ese efecto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá establecer os sistemas de comunicación necesarios co Servizo Público de Emprego Estatal para o contraste coas súas bases de datos dos períodos de disfrute das prestacións por desemprego.

5. As exencións na cotización a que se refire este artigo non terán efectos para as persoas traballadoras e manterase a consideración do período en que se apliquen como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido no número 1 do artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

6. As exencións reguladas neste artigo serán por conta dos orzamentos da Seguridade Social, das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, do Servizo Público de Emprego Estatal e do Fondo de Garantía Salarial, respecto das achegas que financien as prestacións cubertas por cada un deles.

#### Artigo 5. *Limites relacionados con repartición de dividendos e transparencia fiscal.*

1. As empresas e entidades que teñan o seu domicilio fiscal en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais conforme a normativa vixente non se poderán acoller aos expedientes de regulación temporal de emprego regulados nos artigos 1 e 2 deste real decreto lei.

2. As sociedades mercantís ou outras persoas xurídicas que se acollan aos expedientes de regulación temporal de emprego regulados nos artigos 1 e 2 deste real decreto lei e que utilicen os recursos públicos destinados a eles non poderán repartir os dividendos correspondentes ao exercicio fiscal en que se apliquen estes expedientes de regulación temporal de emprego, agás se aboan previamente o importe correspondente á exoneración aplicada ás cotas da Seguridade Social e renunciaron a ela.

Non se terá en conta o exercicio en que a sociedade non distribúa dividendos en aplicación do establecido no parágrafo anterior, para os efectos do exercicio do dereito de separación dos socios previsto no número 1 do artigo 348 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Esta limitación a repartir dividendos non será de aplicación para aquelas entidades que, en 29 de febreiro de 2020, tivesen menos de cincuenta persoas traballadoras, ou asimiladas a ela, en situación de alta na Seguridade Social.

#### Artigo 6. *Salvagarda do emprego.*

1. O compromiso de mantemento do emprego regulado na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, estenderase, nos termos previstos nela, ás empresas e entidades que apliquen un expediente de regulación temporal de emprego baseado na causa do artigo 23 da dita norma e se beneficien das medidas extraordinarias no ámbito laboral previstas no artigo 4 deste real decreto lei.

2. Para as empresas que se beneficien por primeira vez das medidas extraordinarias previstas en materia de cotizacións a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o prazo de seis (6) meses do compromiso a que se refire este precepto empezará a contar desde a entrada en vigor do presente real decreto lei.

#### Artigo 7. *Prórroga dos artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.*

Os artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, permanecerán vixentes ata o 30 de setembro de 2020.

## TÍTULO II

### Medidas de apoio aos traballadores autónomos

#### Artigo 8. *Exención na cotización a favor dos traballadores autónomos que percibisen a prestación extraordinaria de cesamento durante o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.*

1. A partir do 1 de xullo de 2020, o traballador autónomo incluído no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar que estivese de alta nestes réximes e viñese percibindo o 30 de xuño a prestación extraordinaria por cesamento de actividade prevista no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, terá dereito a unha exención das súas cotizacións á Seguridade Social e formación profesional coas consecuentes contías:

- a) 100 por cento das cotizacións correspondentes ao mes de xullo.
- b) 50 por cento das cotizacións correspondentes ao mes de agosto.
- c) 25 por cento das cotizacións correspondentes ao mes de setembro.

2. A base de cotización que se terá en conta para efectos da determinación da exención será a base de cotización que tivese en cada un dos meses indicados.

A exención na cotización dos meses de xullo, agosto e setembro manterase durante os períodos en que os traballadores perciban prestacións por incapacidade temporal ou calquera outro subsidio sempre que se manteña a obrigaçión de cotizar.

3. A exención de cotización será incompatible coa percepción da prestación por cesamento de actividade.

#### Artigo 9. *Prestación de cesamento de actividade e traballo por conta propia.*

1. Os traballadores autónomos que viñesen percibindo ata o 30 de xuño a prestación extraordinaria por cesamento de actividade prevista no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, poderán solicitar a prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 327 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, sempre que concorran os requisitos establecidos nas alíneas a), b), d) e e) do artigo 330.1 da norma.

Adicionalmente, o acceso a esta prestación exixirá acreditar unha redución na facturación durante o terceiro trimestre do ano 2020 de, polo menos, o 75 por cento en relación co mesmo período do ano 2019, así como non ter obtido durante o terceiro trimestre de 2020 uns rendementos netos superiores a 5.818,75 euros.

Para determinar o dereito á prestación mensual ratearanse os rendementos netos do trimestre, que non poderán exceder os 1.939,58 euros mensuais.

No caso dos traballadores autónomos que teñan un ou máis traballadores ao seu cargo, deberase acreditar, ao tempo de solicitar a prestación, o cumprimento de todas as obrigaçións laborais e de seguridade social que teñan asumidas. Para iso emitirán unha declaración responsable e poderán ser requiridos polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou pola entidade xestora para achegaren os documentos precisos que acrediten esta cuestión.

2. Esta prestación poderase percibir como máximo ata o 30 de setembro de 2020, sempre que o traballador teña dereito a ela nos termos fixados no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A partir desta data só se poderá continuar percibindo esta prestación de cesamento de actividade de concorreren todos os requisitos do artigo 330 da Lei xeral da seguridade social.

3. O recoñecemento á prestación levarano a cabo as mutuas colaboradoras ou o Instituto Social da Mariña con carácter provisional con efectos do 1 de xullo de 2020 de se solicitar antes do 15 de xullo, ou con efecto desde o día seguinte ao da solicitude noutro caso, e deberá ser regularizada a partir do 31 de xaneiro de 2021.

4. A partir do 21 de outubro de 2020 e do 1 de febreiro de 2021, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, sempre que teñan o consentimento dos interesados outorgado na solicitude, ou o Instituto Social da Mariña solicitarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios dos exercicios 2019 e 2020 necesarios para o seguimento e control das prestacións recoñecidas.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puideren ter acceso aos datos existentes nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao do seu requirimento:

Copia do modelo 303 de autoliquidación do imposto sobre o valor engadido (IVE), correspondente ás declaracións do segundo e terceiro trimestres dos anos 2019 e 2020.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do segundo e terceiro trimestres dos anos 2019 e 2020 para os efectos de poder determinar o que corresponde ao terceiro e cuarto trimestre deses anos.

Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación



necesaria ou calquera outro medio de proba que sirva para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

5. Comprobados os datos pola entidade colaboradora ou xestora competente para o recoñecemento da prestación, reclamaranse as prestacións percibidas por aqueles traballadores autónomos que superen os límites de ingresos establecidos neste precepto, ou que non acrediten unha redución na facturación durante o terceiro trimestre do ano 2020 de, polo menos, o 75 por cento en relación co mesmo período do ano 2019.

A entidade competente para a reclamación fixará a data de ingreso das cantidades reclamadas, que se deberán facer sen xuros ou recarga.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e os xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

6. O traballador autónomo, durante o tempo que estea a percibir a prestación, deberá ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social a totalidade das cotizacións aplicando os tipos vixentes á base de cotización correspondente.

A mutua colaboradora ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña, aboaralle ao traballador, xunto coa prestación por cesamento na actividade, o importe das cotizacións por contingencias comúns que lle correspondese ingresar de se encontrar o traballador autónomo sen desenvolver ningunha actividade, en aplicación do disposto no artigo 329 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

7. Nos supostos de cesamento definitivo na actividade con anterioridade ao 30 de setembro de 2020, os límites dos requisitos fixados neste punto tomaranse de maneira proporcional ao tempo da duración da actividade; para estes efectos, o cálculo farase computándose na súa integridade o mes en que se produza a baixa no réxime da Seguridade Social en que estivese encadrado.

8. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de agosto de 2020, e a renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o terceiro trimestre de 2020 ou a caída da facturación nese mesmo período superen os limiares establecidos no número 5 coa correspondente perda do dereito á prestación.

#### Artigo 10. *Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores de tempada.*

1. Para os efectos deste precepto, considéranse traballadores de tempada aqueles traballadores autónomos cuxo único traballo ao longo dos últimos dous anos se desenvolve no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar durante os meses de marzo a outubro e permanecesen en alta nos citados réximes como traballadores autónomos durante, polo menos, cinco meses ao ano durante ese período.

Para estes efectos, considerarase que o traballador desenvolveu o seu único traballo durante os meses de marzo a outubro sempre que a alta como traballador por conta allea non supere os 120 días ao longo dos anos 2018 e 2019.

2. Serán requisitos para causar dereito á prestación:

a) Ter estado de alta e ter cotizado no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia durante polo menos cinco meses no período comprendido entre marzo e outubro, de cada un dos anos 2018 e 2019.

b) Non ter estado de alta ou asimilado á alta durante o período comprendido entre o 1 de marzo de 2018 e o 1 marzo de 2020 no réxime da Seguridade Social correspondente como traballador por conta allea máis de 120 días.

c) Non ter desenvolvido actividade nin ter estado dado de alta ou asimilado á alta durante os meses de marzo a xuño de 2020.

d) Non ter percibido ningunha prestación do sistema da Seguridade Social durante os meses de xaneiro a xuño de 2020, salvo que esta sexa compatible co exercicio dunha actividade como traballador autónomo.

e) Non ter obtido durante o ano 2020 uns ingresos que superen os 23.275 euros.

f) Estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. No entanto, se non se cumpre este requisito, o órgano xestor convidará o traballador autónomo ao pagamento, para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

3. A contía da prestación regulada neste artigo será a equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desempeñada no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de xuño de 2020 e terá unha duración máxima de 4 meses, sempre que a solicitude se presente dentro do primeiros quince días naturais de xullo. En caso contrario, os efectos quedan fixados o día seguinte ao da presentación da solicitude.

5. Durante a percepción da prestación non existirá obriga de cotizar e o traballador permanecerá en situación de alta ou asimilada á alta no réxime da Seguridade Social correspondente.

6. As cotizacións polas cales non exista obriga de cotizar serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

7. Esta prestación será incompatible co traballo por conta allea e con calquera prestación da Seguridade Social que o beneficiario viñese percibindo salvo que for compatible co desempeño da actividade como traballador por conta propia. Así mesmo, será incompatible co traballo por conta propia cando os ingresos que se perciban durante o ano 2020 superen os 23.275 euros.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será incompatible, ademais, coa percepción das axudas por paralización da frota.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

9. A xestión desta prestación corresponderá ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

10. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderase solicitar en calquera momento durante o período comprendido entre a entrada en vigor da norma e o mes de outubro de 2020.

Os efectos da solicitude son os determinados no número 4.

As entidades xestoras, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, na cal estimarán ou desestimarán o dereito.

11. A partir do 31 de xaneiro de 2021 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para iso, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, sempre que teñan o consentimento dos interesados, ou o Instituto Social da Mariña solicitarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios correspondentes ao segundo semestre do ano 2020 dos traballadores autónomos.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puideren ter acceso aos datos existentes nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora:

Copia do modelo 390 de declaración resumo anual IVE do ano 2020.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do cuarto trimestre do ano 2020.

Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

b) No caso de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para iso, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará resolución en que fixará o importe da cantidade que cómpre reintegrar, que se deberá facer sen xuros ou recarga no prazo que se determine na resolución.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

12. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de agosto de 2020 e a renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos que pode percibir polo exercicio da actividade durante o tempo que pode causar dereito a ela superarán os limiares establecidos no número 2.e) coa correspondente perda do dereito á prestación.

### TÍTULO III

#### **Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electointensivas FCPX (FERGEI)**

Artigo 11. *Cobertura por conta do Estado dos riscos derivados da adquisición por consumidores electointensivos de enerxía eléctrica mediante contratos a medio e longo prazo.*

1. Constitúe o obxecto deste título o establecemento do réxime xurídico da cobertura por conta do Estado dos riscos derivados da adquisición de enerxía eléctrica mediante contratos a medio e longo prazo, subscritos entre consumidores electointensivos e oferentes de enerxía eléctrica, en particular da totalidade ou da parte de enerxía procedente de instalacións de xeración renovable que non perciban unha retribución específica ou calquera outro mecanismo de apoio económico no marco do sistema eléctrico, que lles outorgue maior seguridade e certeza ás partes e facilite con iso a fixación de prezos previsibles no tempo.

2. A cobertura por conta do Estado dos riscos a que se refire o punto anterior será de aplicación aos consumidores certificados como consumidores electointensivos no momento da concesión da cobertura.

Artigo 12. *Constitución e obxecto do Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas FCPX (FERGEI).*

1. Créase o Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas (en diante, FERGEI), fondo carente de personalidade xurídica, como instrumento de apoio e fomento á contratación dos consumidores electrointensivos, co obxecto de facilitar o seu acceso ao mercado de enerxía.

2. O FERGEI ten a natureza xurídica propia dos fondos carentes de personalidade xurídica, de acordo co disposto nos artigos 84, 137, 138 e 139 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao cal se imputarán as operacións de cobertura e de emisión de garantías sobre os riscos de insolvencia de feito ou dereito que sexan asumidos por conta do Estado ao abeiro do previsto neste real decreto lei.

3. O FERGEI estará adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo por medio da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, e seralle de aplicación o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se realizará conforme o establecido no artigo 13 deste real decreto lei.

4. O Estado, a través do FERGEI, asumirá os resultados da cobertura dos riscos derivados da contratación de adquisición de enerxía eléctrica a medio e longo prazo de consumidores electrointensivos, conforme as estipulacións xerais que se establezan en cada modalidade de cobertura e no correspondente contrato de cobertura.

Artigo 13. *Dotación do FERGEI.*

1. Os recursos do FERGEI estarán constituídos polas dotacións que se consignent nas leis de orzamentos xerais do Estado, a través do orzamento do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, os dereitos económicos e primas recadadas, polos recobramentos de sinistros, as comisións e as eventuais rendas patrimoniais, cuxa xestión e administración se realizará atendendo ao previsto neste real decreto lei, e ás disposicións que se establezan mediante orde do titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. As ditas dotacións deberán incluír os recursos necesarios para facer fronte ás desviacións que a cobertura dos riscos asumidos por conta do Estado poida producir, cando os seus recursos acumulados sexan insuficientes.

2. Transcorridos o primeiros tres anos desde a posta en vigor do fondo, para os cales se aproba en conxunto un importe máximo de operacións para a emisión de coberturas ou garantías de 600 millóns de euros, as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado establecerán o importe máximo das operacións que ao longo de cada exercicio se poida aprobar para a emisión de coberturas ou garantías sobre o FERGEI.

Para este fin, cando proceda, o Ministerio de Industria Comercio e Turismo poderá realizar achegas dentro de dispoñibilidades orzamentarias que para cada exercicio se doten nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

3. De acordo co artigo 64 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o fondo dótese cun orzamento de explotación e capital recollido no anexo deste real decreto lei.

4. Cando, pola proximidade do vencemento do prazo en que se deba aboar a indemnización por conta do Estado, exista o risco de non poder atender a tempo o seu pagamento, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, logo de solicitude motivada da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, poderá anticipar ao FERGEI, mesmo no caso de non existir crédito suficiente, de forma temporal mentres se tramitan as oportunas modificacións orzamentarias, a cantidade necesaria mediante unha operación non orzamentaria. Con posterioridade, a Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, no prazo máximo de dous meses desde a data de libramento dos fondos, aplicará ao orzamento de gastos o anticipo, e procederase á súa cancelación no momento en que se realice a tramitación orzamentaria do seu pagamento en formalización.

Artigo 14. *Xestión do FERGEI.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, o Consorcio), entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a través da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, entre cuxas funcións, no ámbito do seguro, destacan as relacionadas coa cobertura dos riscos extraordinarios, administrará a Tesouraría do Fondo a través de unha ou de varias contas abertas no Banco de España. No entanto, logo de autorización da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, a totalidade ou parte dela poderá situarse en contas abertas noutras entidades de crédito cando así se requira para a súa mellor e máis eficaz xestión ou para a súa rendibilización.

O investimento da Tesouraría do FERGEI por parte do Consorcio requirirá para cada operación a conformidade previa da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional. Con todo, non será precisa unha conformidade específica para aquelas operacións que se axustan ao Plan xeral de investimentos que sexa aprobado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional por proposta do Consorcio.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, por orde do titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, fixarase o procedemento polo cal se efectuarán os cobramentos e se atenderán os pagamentos derivados da actividade de cobertura dos riscos por conta do Estado realizada polo axente xestor designado, que se poderá instrumentar a través dunha conta bancaria de titularidade do FERGEI da cal poderá dispoñer o axente xestor.

2. A contratación dos servizos e subministracións necesarios para o funcionamento do FERGEI realizaráa o Consorcio axustándose ás normas que resulten de aplicación á dita entidade e os correspondentes gastos imputaranse directamente ao orzamento do fondo. Así mesmo, imputaranse directamente ao dito orzamento os gastos en que o Consorcio incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda, na contía que se estableza no convenio que para o efecto se subscriba coa Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

3. O titular da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa subscribirá un convenio co Consorcio no cal se determine a contía autorizada para a imputación directa ao orzamento do FERGEI dos gastos en que o Consorcio incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda. De acordo co disposto no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio deberá incluír unha comisión mixta, ou órgano similar, á cal se lle atribuirán o seguimento, a vixilancia e o control da execución do convenio e os compromisos adquiridos polos asinantes e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto del.

4. Conforme o artigo 90 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, este fondo sen personalidade xurídica estará integrado no concepto de Tesouro Público. Cando se cumpra algunha das circunstancias que xustifique a extinción do fondo, o xestor do fondo responsable da administración da súa tesouraría reintegrará os remanentes do FERGEI ao Tesouro Público, encargado da xestión da tesouraría do Estado.

Artigo 15. *Axente xestor da cobertura de riscos por conta do Estado dos riscos derivados da contratación de adquisición de enerxía eléctrica, a medio e longo prazo, de consumidores electrointensivos.*

1. Atribúeselle á Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A., Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E., (CESCE) a condición de axente xestor designado con carácter exclusivo, para que xestione como asegurador ou como garante, en nome propio e por conta do Estado, a cobertura dos riscos que sexan asumidos por este sobre calquera dos riscos de insolvencia de feito ou de dereito no marco dos contratos que subscriban os consumidores electrointensivos para a adquisición a medio e longo prazo de enerxía eléctrica. A CRME deberá garantir unha repartición equilibrada do risco entre o sector público e o sector privado en función da evolución do mercado. Así mesmo, limitará o risco máximo por operación que poderá asumir o axente xestor por conta do Estado, que en



ningún caso poderá cubrir a totalidade do risco e que deberá respectar os límites e os requisitos establecidos para os réximes de garantías da comunicación da Comisión relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE –vixentes artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea– ás axudas estatais outorgadas en forma de garantía (2008/C 155/02).

2. O control, o seguimento e a participación da Administración xeral do Estado na xestión que realice o axente xestor na súa actividade para a cobertura por conta do Estado dos riscos derivados da adquisición a medio e longo prazo de enerxía eléctrica por consumidores electrointensivos corresponderá á Comisión de Riscos do Mercado Electrointensivo, como órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa. Para tales efectos, actuará como órgano de relación e coordinación entre a Administración xeral do Estado e o axente xestor. Así mesmo, o seu presidente terá a consideración de contadante a que se refire o artigo 138 da Lei 47/2003, do 26 de decembro. Determinaranse regulamentariamente a súa composición, funcións e normas de funcionamento.

3. O titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo subscribirá un convenio con CESCE onde se establezan os dereitos, as obrigacións e as tarefas que deberá desenvolver como axente xestor, así como a retribución que deberá percibir por esta función. Este convenio recollerá como causas da súa resolución, entre outras, a vulneración das prohibicións ou o incumprimento das obrigacións recollidas nesta real decreto lei e no seu desenvolvemento regulamentario. De acordo co disposto no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio deberá incluír unha comisión mixta, ou órgano similar, á cal se lle atribuirán o seguimento, a vixilancia e o control da execución do convenio e os compromisos adquiridos polos asinantes, e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto del.

Requirirase o informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións antes da subscripción e de modificacións substanciais do convenio de colaboración. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberase pronunciar sobre a súa adecuación á normativa de seguros privados e sobre o sistema de retribución ao axente xestor.

4. O axente xestor realizará por conta do Estado as actividades principais de estudo, preparación, negociación, formalización e seguimento dos contratos de cobertura, ademais das correspondentes actividades de minoración ou evitación de sinistros e recobramento, unha vez que se aboe a indemnización, así como calquera outra actividade complementaria que se considere necesaria para a eficiente xestión da cobertura de riscos por conta do Estado e da débeda por conta do Estado. No exercicio destas funcións, deberase manter permanentemente informado o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través da Comisión de Riscos do Mercado Electrointensivo, sobre calquera aspecto que este considere necesario en relación coa xestión dos riscos asumidos polo Estado.

5. O axente xestor asumirá directamente fronte aos asegurados e beneficiarios das coberturas o cumprimento dos deberes e obrigacións que deriven dos contratos de cobertura. Para estes efectos, o axente xestor fixará o importe das indemnizacións e xestionará o aboamento das indemnizacións ou pagamentos dos cales se responsabiliza o Estado, e que resulten procedentes por aplicación dos contratos de cobertura.

A indemnización do seguro, co consecuente prexuízo para o FERGEI e, polo tanto, para o Estado, por incumprimento do consumidor electrointensivo dos deberes e obrigacións que deriven dos contratos comportará a perda da condición de consumidor electrointensivo desde a data en que se produza, e será causa de reintegro das axudas relacionadas no artigo 5.1 do Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, recibidas nos tres anos anteriores a que o axente xestor coñeza o incumprimento contractual que dá lugar á indemnización, sen prexuízo das sancións administrativas que poidan corresponder. Para estes efectos, o axente xestor deberá comunicar este feito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no prazo máximo de quince días.

Para o reintegro a que se refire o parágrafo anterior seguirase o procedemento previsto no capítulo II do título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6. Nos contratos de cobertura por conta do Estado que xestione o axente xestor, ao aboar este a indemnización subrogarase por conta daquel no importe do crédito indemnizado, exercendo os dereitos que ao Estado corresponden sobre el. Esta subrogación acadará tanto o crédito como os seus xuros, garantías e calquera outro dereito derivado del, e resultará representante do asegurado ou beneficiario na xestión de calquera parte vencida ou por vencer que non estea amparada polo seguro ou, de ser o caso, a garantía. O axente xestor manterá a dirección do procedemento de recobramento e o asegurado ou beneficiario estará obrigado a seguir as súas instrucións en relación con el.

7. En relación co punto anterior, o axente xestor, de conformidade coas instrucións e directrices que, de ser o caso, reciba da Comisión de Riscos do Mercado Electointensivo, poderá subscribir convenios sobre moratorias e remisións parciais ou totais de débeda, mesmo cando inclúan créditos non vencidos, así como allear os créditos derivados das coberturas, para facilitar, entre outras, as operacións de conversión de débeda en investimento directo ou outros instrumentos. Os convenios aos cales se refire este punto deberán ser ratificados polo titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Os acordos ou convenios que subscriba o axente xestor serán plenamente opoñibles aos seus asegurados e vinculantes para estes pola totalidade dos créditos incluídos en tales convenios, sen prexuízo do dereito dos asegurados a percibiren as indemnizacións que procedan en termos do contrato ou contratos de cobertura subscritos.

8. A retribución ao axente xestor pola xestión, administración e control da cobertura dos riscos que se asumen por conta do Estado fixarase nun convenio de colaboración, que subscribirá o titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo co axente xestor. A dita retribución establecerase como o resultado da agregación dos seguintes dous compoñentes:

1. Unha porcentaxe que se deducirá da prima aboada polas coberturas contratadas polos asegurados ou beneficiarios das garantías, neta de anulacións e extornos.

2. Unha participación no resultado para o Estado das operacións de aseguramento ou garantía, aprobadas pola Comisión de Riscos e xestionadas polo axente xestor.

O convenio de colaboración concretará a valoración da remuneración do axente xestor, de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente, e a remuneración do axente xestor non poderá superar os ditos límites.

9. As tarifas de prima aplicadas polo axente xestor nos instrumentos que utilice serán aprobadas pola Comisión de Riscos do Mercado Electointensivo de conformidade co principio de suficiencia das primas e prezos.

10. O titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo poderá autorizar o axente xestor para que, co obxecto de conseguir unha xestión máis eficiente da carteira global que cobre por conta do Estado nos riscos de cobertura de contratos que subscriban os consumidores electointensivos para a adquisición a medio e longo prazo de enerxía eléctrica, poida allear, ceder e constituír dereitos, total ou parcialmente, sobre os créditos fronte a terceiros que deriven dos contratos de cobertura por conta do Estado. Para ese efecto, poderá autorizar a conclusión por parte do axente xestor de operacións de titulización ou de calquera outra índole, sempre que estas supoñan unha diminución no risco contraído ou unha mellora na rendibilidade da citada carteira xestionada polo axente xestor por conta do Estado. En calquera caso, a realización deste tipo de operacións deberá contar coa valoración favorable da Comisión de Riscos do Mercado Electointensivo, e terá en conta os dereitos de terceiros na parte dos créditos non cuberta e no risco non vencido.

11. Transcorridos os tres primeiros anos, o axente xestor poderá garantir, por conta do Estado, ata o límite máximo que estableza a correspondente lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano, as obrigacións económicas derivadas de garantías prestadas por terceiros, destinadas a facilitar o financiamento de operacións de adquisición de enerxía por consumidores electointensivos.

12. Para os efectos do previsto no punto anterior, o axente xestor poderá subscribir coberturas de seguro, outorgar fianzas, garantías a primeira demanda e calquera outro compromiso de pagamento ou resarcimento que resulte exixible en caso de incumprimento das obrigacións obxecto de garantía e que aprobe a Comisión de Riscos do Mercado Electointensivo.

Disposición adicional primeira. *Medidas temporais de transición e acompañamento en materia de cotización.*

1. As empresas e entidades que se encontren en situación de forza maior total, nos termos previstos no Real decreto 18/2020, do 12 de maio, con data do 30 xuño de 2020, respecto das persoas traballadoras adscritas e en alta nos códigos de conta de cotización dos centros de traballo afectados, quedarán exoneradas do aboamento da achega empresarial, prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta, nas porcentaxes e condicións que se indican a continuación:

a) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que continúen coas súas actividades suspendidas a partir do 1 de xullo de 2020 e dos períodos e as porcentaxes de jornada afectados pola suspensión, o 70 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de xullo de 2020, o 60 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de agosto de 2020 e o 35 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de setembro de 2020, se as citadas empresas e entidades tivesen menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que continúen coas súas actividades suspendidas a partir do 1 de xullo de 2020 e dos períodos e as porcentaxes de jornada afectados pola suspensión, o 50 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de xullo de 2020, o 40 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de agosto de 2020 e o 25 % respecto das cotizacións devindicadas no mes de setembro de 2020, se as citadas empresas e entidades tivesen cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta, en situación de alta na Seguridade Social, con data do 29 de febreiro de 2020.

2. As empresas e entidades que, a partir do 1 de xullo de 2020, vexan impedido o desenvolvemento da súa actividade pola adopción de novas restricións ou medidas de contención que así o impoñan nalgún dos seus centros de traballo, poderanse beneficiar, respecto das persoas traballadoras adscritas e en alta nos códigos de conta de cotización dos centros de traballo afectados, das porcentaxes de exención previstas a continuación, logo de autorización dun expediente de regulación temporal de emprego de forza maior con base no previsto no artigo 47.3 do Estatuto dos traballadores:

a) O 80 % da achega empresarial devindicada durante o período de peche, e ata o 30 de setembro, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) Se nesa data a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta, a exención acadará o 60 % da achega empresarial durante o período de peche e ata o 30 de setembro.

Neste caso, a exoneración aplicarase ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

3. As exencións reguladas nos números 1 e 2 desta disposición adicional serán incompatibles coas indicadas no artigo 4 deste real decreto lei. Así mesmo, resultaranlles de aplicación os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 4 deste real decreto lei.

4. Cando as empresas e entidades a que se refiren os puntos anteriores reinicien a súa actividade, seranlles de aplicación, desde o dito momento e ata o 30 de setembro de 2020, as medidas reguladas no artigo 4.1 deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. *Persoas traballadoras incluídas en expedientes de regulación de emprego que non sexan beneficiarias de prestacións de desemprego.*

1. As persoas traballadoras incluídas nos expedientes de regulación de emprego a que se refiren os artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que non resulten beneficiarias de prestacións de desemprego durante os períodos de suspensión de contratos ou redución de xornada e respecto das cales a empresa non está obrigada ao ingreso da achega empresarial a que se refire o artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, consideraranse en situación asimilada á alta durante os ditos períodos, para os efectos de considerar estes como efectivamente cotizados.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, a base de cotización que se terá en conta durante os períodos de suspensión ou redución de xornada será a media das bases de cotización dos seis meses inmediatamente anteriores ao comezo das ditas situacións.

3. O establecido nesta disposición será aplicable, unicamente, durante os períodos de aplicación das exencións na cotización recollidos no artigo 24 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no artigo 4 do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, e no artigo 4 deste real decreto lei.

Disposición adicional terceira. *Comisión de seguimento tripartita laboral.*

A Comisión de seguimento tripartita laboral creada pola disposición adicional segunda do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, terá como funcións, desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a valoración das medidas recollidas neste e da evolución da actividade económica e do emprego, así como a análise das eventuais medidas futuras para a protección do emprego e do tecido produtivo.

Disposición adicional cuarta. *Diálogo en materia de desemprego.*

O Ministerio de Traballo e Economía Social reunirse, o máis axiña posible, coa Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (CEPEME), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT) para tratar as cuestións relacionadas coa prestación por desemprego recoñecida durante os expedientes de regulación temporal de emprego derivados do COVID-19 ás persoas con varios contratos a tempo parcial, e as posibles solucións ao consumo durante o estado de alarma das prestacións e subsidios por desemprego de persoas non afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego.

Disposición adicional quinta. *Pacto polo emprego.*

O Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (CEPEME), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT) comprométense, a través das catro mesas de diálogo constituídas co presidente do Goberno, a incorporar medidas tendentes á creación de emprego.

Disposición adicional sexta. *Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade social.*

1. Créase unha comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade social, que estará integrada polas persoas designadas para o efecto polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, así como pola Asociación de Traballadores Autónomos (ATA), a Unión

de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA) e a Unión de Asociacións de Trabadores Autónomos e Emprendedores (UATAE).

2. Esta comisión reunirse logo de convocatoria remitida pola Secretaría de Estado de Seguridade Social e Pensiós do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

3. Esta comisión de seguimento terá como función o seguimento e a avaliación das medidas establecidas nos artigos 8, 9 e 10 deste real decreto lei.

Disposición adicional sétima. *Dotación inicial do FERGEI.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o FERGEI dotarase inicialmente dun mínimo de 200 millóns de euros.

Disposición adicional oitava. *Importe total máximo das operacións do FERGEI e informe de funcionamento.*

Durante os tres primeiros anos en que CESCE exerza a función de axente xestor, o risco asumido por conta do Estado non poderá superar a contía de 600 millóns de euros. Á vista da evolución e circunstancias especiais, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderá modificar estes límites ata un máximo dun terzo da cantidade inicialmente asignada.

Ao final dos tres primeiros anos, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo elevará un informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos sobre os resultados e o funcionamento do fondo.

Disposición adicional novena. *Subscrición de convenios.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei deberanse subscribir os convenios a que se fai referencia nos artigos 14.3 e 15.3.

Disposición adicional décima. *Réxime de prestación da actividade de cobertura por conta do Estado dos riscos por CESCE.*

A actuación de CESCE como axente xestor iniciarase no prazo máximo dun mes contado desde a data en que se crease o FERGEI e se subscribisen os convenios a que se refiren os artigos 14.3 e 15.3.

Disposición adicional décimo primeira. *Condición ultraperiférica de Canarias.*

O Goberno, en atención ás condicións de afastamento e insularidade que lle confiren a Canarias a condición de rexión ultraperiférica da Unión Europea, terá en conta as súas particularidades ata o restablecemento do tráfico aéreo internacional.

Disposición transitoria única. *Contratos de traballo vixentes.*

Os contratos de traballo verbais dos mariñeiros que estiveren vixentes no momento de entrada en vigor desta lei subsistirán e deberanse formalizar por escrito no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Modifícase o parágrafo a) do artigo 29.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que queda redactado como segue:

«a) O presidente, que será a persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social.»



Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.*

Modifícase o número 2 do artigo 8 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, que queda redactado como segue:

«2. Deberán constar por escrito os contratos de traballo cando así o exixa unha disposición legal e, en todo caso, os de prácticas e para a formación e a aprendizaxe, os contratos a tempo parcial, fixos-descontinuos e de remuda, e os contratos para a realización dunha obra ou servizo determinado; tamén constarán por escrito os contratos por tempo determinado cuxa duración sexa superior a catro semanas.

Deberán constar igualmente por escrito os contratos de traballo dos mariñeiros, dos traballadores que traballen a distancia e dos traballadores contratados en España ao servizo de empresas españolas no estranxeiro.

De non se observar a exigencia de forma escrita, o contrato de traballo considerarase suscrito por tempo indefinido e a xornada completa, salvo proba en contrario que acredite a súa natureza temporal ou o carácter a tempo parcial dos servizos.

Calquera das partes poderá exigir que o contrato se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.7.º, 11.ª, 13.ª, 17 e 25.ª da Constitución española, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, bases da ordenación de seguros, bases de coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación ao ordenamento xurídico da Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, no que se refire á repatriación dos mariñeiros.*

1. Os armadores de buques pesqueiros que enarboren pavillón español e entren nun porto estranxeiro deberán subscribir un seguro obrigatorio ou garantía financeira equivalente co fin de garantir o dereito dos mariñeiros enrolados á repatriación ao seu país de residencia, nos seguintes supostos:

- a) Cando o contrato de traballo se extingue;
- b) Cando o contrato de traballo fose denunciado por causas xustificadas por unha ou ambas as partes do contrato;
- c) Cando a prestación laboral non sexa exigible por encontrarse o traballo suspendido por causas non imputables á vontade do mariñeiro;
- d) Cando se encontren incapacitados para realizar as tarefas requiridas en virtude do contrato de traballo ou non caiba esperar que as realice tendo en conta as circunstancias, e non se encontren dentro dos supostos de repatriación xa recollidos na Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

2. A obrigaón regulada nesta disposición adicional comprenderá, así mesmo, a repatriación ao seu país de residencia, polos mesmos motivos incluídos no punto anterior, dos mariñeiros cando sexan transferidos do buque ao porto estranxeiro.

3. O certificado do seguro de repatriación ou garantía financeira equivalente deberá incluír como mínimo:

- a) Os datos identificativos do buque e do armador,
- b) O nome e o enderezo do provedor ou provedores do seguro ou garantía financeira,
- c) O período de validez do seguro ou garantía financeira,
- d) Unha atestación do provedor que indique que o seguro ou garantía financeira cumpre os requisitos incluídos no artigo 21 do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante as disposicións derradeiras segunda e cuarta deste real decreto lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, pola que se aplica o acordo relativo á aplicación do Convenio sobre o traballo na pesca de 2007 da Organización Internacional do Traballo, suscrito o 21 de maio de 2012 entre a Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (Coxeca), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, mediante real decreto, por proposta das persoas titulares dos correspondentes ministerios, no ámbito das súas competencias, ditará as normas necesarias para desenvolver o previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO

### ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN E CAPITAL

#### Entidade: Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas

(En miles de € sen decimais)

Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial	Previsión 2020
I. Primas imputadas ao exercicio, netas de reaseguro.	367
I.1 Primas devindicadas.	1.100
1.1 Primas seguro directo.	1.100
1.2 Primas reaseguro aceptado.	
1.3 Variación da corrección por deterioración das primas pendentes de cobramento.	

Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial	Previsión 2020
I.2 Primas do reaseguro cedido.	
I.3 Variación da provisión para primas non consumidas e para riscos en curso S.D. e R.A.	-734
3.1 Seguro directo.	-734
3.2 Reaseguro aceptado.	
I.4 Variación da provisión para primas non consumidas R.C. e R.R.	
II. Ingresos do inmovilizado material e dos investimentos.	48
II.1 Ingresos procedentes dos investimentos inmobiliarios.	
II.2 Ingresos procedentes dos investimentos financeiros.	48
1.4 Ingresos de refinanciamientos.	
1.5 Diferenzas de cambio.	
1.6 Outros ingresos financeiros.	48
II.3 Aplicacións de correccións de valor por deterioración do inmovilizado material e dos investimentos.	0
3.1 Do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
3.2 De investimentos financeiros.	
II.4 Beneficios en realización do inmovilizado material e dos investimentos.	0
4.1 Do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
4.2 De investimentos financeiros.	
III. Outros ingresos técnicos.	
IV. Sinistralidade do exercicio, neta de reaseguro.	0
IV.1 Prestacións e gastos pagados.	0
1.1 Prestacións e gastos pagados seguro directo.	
1.2 Prestacións e gastos pagados reaseguro aceptado.	
1.3 Prestacións e gastos pagados reaseguro cedido e retrocedido.	
IV.2 Variación da provisión para prestacións e gastos.	0
2.1 Seguro directo.	
2.2 Reaseguro aceptado.	
2.3 Reaseguro cedido e retrocedido.	
2.4 Recobramentos estimados.	
IV.3 Gastos imputables a prestacións.	
V. Variación doutras provisións técnicas netas de reaseguro.	
VI. Participación en beneficios e extornos.	
VII. Gastos de explotación netos.	73
VII.1 Gastos de adquisición.	66
VII.2 Gastos de administración.	7

Orzamento de explotación Conta do resultado económico patrimonial	Previsión 2020
VII.3 Comisións e participacións no reaseguro cedido e retrocedido.	
VIII. Outros gastos técnicos.	0
VIII.1 Variación da deterioración por insolvencias.	
VIII.2 Variación da deterioración do inmovilizado.	
VIII.3 Outros.	
IX. Gastos do inmovilizado material e dos investimentos.	111
IX.1 Gastos de xestión dos investimentos.	111
1.1 Gastos imputados ao inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
1.2 Gastos de investimentos e contas financeiras.	111
1.2.1 Diferenzas de cambio.	
1.2.2 Outros gastos financeiros.	111
IX.2 Correccións de valor do inmovilizado material e dos investimentos.	0
2.1 Amortización do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
2.2 Deterioración do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
2.3 Deterioración de investimentos financeiros.	
IX.3 Perdas procedentes do inmovilizado material e dos investimentos.	0
3.1 Do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.	
3.2 Dos investimentos financeiros.	
X. Resultado técnico do exercicio.	230
XI. Ingresos non técnicos.	
XII. Gastos non técnicos.	
XIII. Resultado non técnico do exercicio.	0
XIV. Resultado do exercicio.	230

Orzamento de capital Estado de fluxos de efectivo	Previsión 2020
Fluxos de efectivo das actividades de explotación	
Actividade aseguradora:	
Cobramentos seguro directo, coaseguro e reaseguro aceptado.	1.100
Pagamentos seguro directo, coaseguro e reaseguro aceptado.	
Cobramentos reaseguro cedido.	
Pagamentos reaseguro cedido.	
Recobramento de prestacións.	
Pagamentos de retribucións a axente xestor e outros mediadores.	220
Outros cobramentos de explotación.	

Orzamento de capital Estado de fluxos de efectivo	Previsión 2020
Outros pagamentos de explotación.	
Total cobramentos de efectivo da actividade aseguradora.	1.100
Total pagamentos de efectivo da actividade aseguradora.	220
Outras actividades de explotación:	
Cobramentos doutras actividades.	
Pagamentos doutras actividades.	
Total cobramentos de efectivo doutras actividades de explotación.	0
Total pagamentos de efectivo doutras actividades de explotación.	0
Total fluxos de efectivo netos de actividades de explotación.	880
Fluxos de efectivo das actividades de investimento	
Cobramentos de actividades de investimento:	
Inmovilizado material.	
Investimentos inmobiliarios.	
Activos intangibles.	
Instrumentos financeiros.	
Xuros cobrados:	0
Carteira de valores e tesouraría.	
Refinanciamentos.	
Dividendos cobrados.	
Outros cobramentos relacionados coa actividade de investimento.	
Total cobramentos de efectivo das actividades de investimento.	0
Pagamentos de actividades de investimento:	
Inmovilizado material.	
Investimentos inmobiliarios.	
Activos intangibles.	
Instrumentos financeiros.	198.000
Outros pagamentos relacionados con actividades de investimento.	111
Total pagamentos de efectivo das actividades de investimento.	198.111
Total fluxos de efectivo de actividades de investimento.	-198.111
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento	
Cobramentos de actividades de financiamento:	
Achega do Estado.	200.000
Outros cobramentos relacionados con actividades de financiamento.	
Total cobramentos de efectivo das actividades de financiamento.	200.000



Orzamento de capital Estado de fluxos de efectivo	Previsión 2020
Pagamentos actividades de financiamento:	
Devolucións ao Estado.	
Outros pagamentos relacionados con actividades de financiamento.	
Total pagamentos de efectivo das actividades de financiamento.	0
Total fluxos de efectivo netos de actividades de financiamento.	200.000
Efecto das variacións dos tipos de cambio.	
Total aumento/diminucións de efectivo e equivalentes.	2.769
Efectivo e equivalentes ao comezo do período.	
Efectivo e equivalentes ao final do período.	2.769
Compoñentes do efectivo e equivalentes ao final do período:	
Caixa e bancos.	2.769
Outros activos financeiros.	
Descubertos bancarios reintegrables á vista.	
Total efectivo e equivalentes ao final do período.	2.769